



VECIÑANZA DENUNCIA UNHA INTERVENCIÓN CONTRA O PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO NA BURGA DA RÚA REAL DE CUNTIS E ESIXE TODA A DOCUMENTACIÓN RELACIONADA CON ESTA OBRA

- Veciñanza xa reclamou toda a información e a documentación dispoñible sobre esta intervención contra o patrimonio arqueolóxico público, incluíndo comunicacións previas, informes, autorizacións sectoriais, etc, se é que existen, para poder saber cando menos quen promoveu e quen controlou esta intervención.
- A contorna da Burga da Rúa Real, en pleno casco histórico de Cuntis, sufriu unha agresiva intervención, da que descoñecemos practicamente todo, para colocar con cemento unha serie de estruturas de pedra como soporte da tapa xa existente.

Cuntis, 13 de xullo de 2022

Na mañá do martes 12 de xullo de 2022, a contorna da coñecida como Burga da Rúa Real, situada na rúa do Balneario, en pleno casco histórico de Cuntis, sufriu unha intervención que cualificamos como agresiva á vista das imaxes das que dispón Veciñanza e testemuños recibidos, unha parte anterior da boca da burga foi descuberta para colocar catro estruturas de pedra (mármore ou semellante) a fin de soportar, a xeito de tapa, unha peza de maiores dimensións fixada, segundo se aprecia, con cemento. Un dos nosos bens patrimoniais máis prezados, con espazo privilexiado na oferta turística e arqueolóxica de Cuntis, foi obxecto dunha obra que causou notable sorpresa e indignación en moitos veciños e veciñas da vila, en parte, pola opacidade e a falta de información coa que foi executada.

Veciñanza non dispón de ningunha información máis. Como é evidente, por tratarse dunha intervención que afecta tan directamente a un elemento principal do patrimonio público, a expectación causada foi superior á que podería causar calquera intervención semellante localizada en ámbitos distintos aos descritos. A identificación dos veciños e veciñas de Cuntis cos elementos patrimoniais situados no noso casco histórico está marcada por unha gran sensibilidade, xa que son





froito de non poucos ataques por parte de iniciativas privadas que non representan exactamente o interese xeral. É polo que calquera intervención ou agresión contra o patrimonio esperta gran reacción, que se incrementa cando está sometida á opacidade e á falta de transparencia. Neste caso, máis de 24 horas despois de producirse a intervención que denunciámos, tanto o Alcalde como o Goberno Municipal no seu conxunto non se pronunciaron publicamente ao respecto, en contraste coa inmediatez exhibida noutras ocasións.

Veciñanza xa reclamou toda a información e a documentación dispoñible sobre esta intervención contra o patrimonio arqueolóxico público, incluíndo comunicacións previas, informes, autorizacións sectoriais, etc, se é que existen, para poder saber cando menos quen promoveu esta intervención, quen a executou e quen e como se realizou o control da mesma, á vista do agresiva que resulta unha intervención deste tipo nun espazo coma este.

ADXUNTAMOS IMAXES DOS TRABALLOS E DO RESULTADO FINAL DA SUPERFICIE AFECTADA





veciñanza

